

COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA
FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 15-03-2023

Apróbase por maioría¹:

(i) A modificación do Máster Universitario en Avogacía para a súa conversión en Máster Universitario en Avogacía e da Procura, coas seguintes precisións:

- a. Na páxina 45 da Memoria (“5.- *Coordinación entre el Máster en abogacía vinculado a la Facultad de Ciencias Jurídicas y del Trabajo con el Máster en abogacía vinculado a la Facultad de Derecho (campus Ourense)*”), engadirse un segundo parágrafo:

"Os acordos serán adoptados por maioría de votos, contando en tal maioría co voto das/os decanas/os de as dúas Facultades ou das persoas en quen deleguen".

- b. Condicionar a aprobación da memoria a que nas fichas das materias mantéñase a homoxeneidade consensuada en 2012 en metodoloxías docentes (seminario) e avaliación.
- c. Suxerir ás persoas que redactaron e impulsaron o contido e o texto da memoria que efectúen unha revisión de estilo (erratas, non existe uniformidade en materia de xénero, etc) e que incorporen as fichas que faltan.

Ourense, 15 de marzo de 2023

O SECRETARIO DA COMISIÓN ACADÉMICA

Máster universitario en Avogacía
Facultade de Dereito

Universidade de Vigo



Roberto O. Bustillo Bolado

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Reitor da Universidade de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría da Comisión Académica do Mestrado (despacho núm.4-1, 3º andar).